



PONTEVEDRA

Revista de
Estudios
Provinciais



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL



**A arte da xábega no Bueu de comenzo
do século XIX:
A aparición dunha nova burguesía local.**

Xosé M. Cerviño

Introducción

OBueu decimonónico sofre un proceso de cambio no seu sistema económico que vai marca-lo futuro desenvolvemento social: un sistema económico primario, baseado na agricultura do Antigo Réxime e sustentada por unha fidalguía que vive de rendas e especulación, transfórmase nun sistema de corte capitalista, propiciando o xurdimento dunha burguesía capaz de concentrar capital productivo.

Co gallo de comprende-lo contexto que permitiu este cambio socio-económico do concello de Bueu, convén reflexionar previamente sobre o proceso previo no que se escudriñan as bases de tal evolución.

Para esa comprensión, preséntanse as seguintes teses:

1) Nos séculos XVI a XVIII, as parroquias de Bueu, Cela, Ermelo e Beluso —incluíndo nesta última o couto de Bon e Villar— teñen estruturado a súa organización social de maneira completamente rural¹: os núcleos urbanos máis próximos son a vila de Cangas —cabeza de xurisdicción— e maila cidade de Pontevedra.

En canto que entidades rurais, pouco se diferencian do modelo da Galicia campesiña: maioritario en canto a número de poboación, o campo galego atópase estratificado en rendistas e labregos.

Os rendistas, que inclúen a Igrexa, nobreza e fidalguía, acumulan un capital proveniente principalmente de foros, décimos e da luctuosa² que os labregos están obrigados a pagar.

En canto ó campesiñado, dicir que non é un bloque homoxéneo, senón que se subdivide en diferentes grupos en base ó seu poder de produción agrícola. Así, nun extremo, os *caporais* —ou labregos ricos— son quen de procurar do campo a súa mantenza anual, e, incluso, obter certo excedente. Pola outra banda, os *bodegueiros*, que, situados na base do sistema, han de valerse de tódalas circunstancias para gozar dunha comida diaria, xa que esta non é posible que proceda do seu escaso patrimonio agrícola.

As consecuencias desta situación son múltiples: perda das propiedades³, necesidade de compatibiliza-lo traballo agrícola con outras actividades,...

A Galicia marítima non escapa desta situación arriba recreada, xa que os bodegueiros, no século XVIII, representan o extracto máis numeroso da poboación. A falta de terras de cultivo⁴ obriga ó labrego a subfora-las daqueles fidalgos que reciben o favor do foro das ordes relixiosas⁵, comezando unha etapa especuladora na que os máis prexudicados son sempre as clases máis baixas.



Praia da Ribeira, con vistas de diferentes almacéns nela instalados.

2) A segunda idea a ter en conta para unha comprensión posterior parte do feito de que, se ben o sistema de explotación da terra está en crise ó non permiti-lo subvento de grande parte da poboación, no século XVIII aínda non existen alternativas globais. Aparecen diferentes estratexias menores, pero a única que aporta solucións ten un carácter social destructivo: a emigración.

É así que un estrato moi minoritario se alista como miliciano, supondo a ruptura de todo vencello familiar⁶.

Outros, sinxelamente son pobres, ou están na obriga de compaxina-lo traballo nas súas terras con outros: xornaleiros, curtidores-zapateiros, sangradores, taberneiros, estanqueiros, ou os emerxentes teceláns.

O mar, no espacio que ocupa o actual concello de Bueu, non se relaciona no século XVIII con ningunha actividade económica relevante

neste contexto rural. A mostra que recolle o Catastro de Ensenada (ano 1752) non deixa lugar a dúbidas: son pequenas embarcacións as que se atopan nos nosos portos, destacando dúas lanchas na parroquia de Bueu no medio dunha vintena de dornas repartidas entre Cela, Bueu e Beluso.

Outro exemplo da escasa importancia da pesca no conxunto laboral: dun total de 929 veciños que habitan o conxunto das parroquias de Bueu, tan só 94, isto é un 10,11%, practica a pesca, compatibilizándoa con outras actividades⁷.

Pero, é máis: dos trinta e catro mariñeiros da parroquia de Bueu, dezaeito —máis do cincuenta por cento— defínense coma labregos que practican complementariamente a pesca.


Por outra banda, o comercio marítimo ten sempre un carácter urbano, tendo, polo tanto, nulas repercusións na economía local.

3) A solución inmediata a estes problemas está na emigración: unha emigración temporal na búsqueda dun sustento que non proporciona a unidade agraria familiar. Os destinos son maioritariamente peninsulares —Portugal, Castela, Andalucía— durante tempadas de recolección, como no-lo lembran os versos de Rosalía.


Nas parroquias referidas, a figura que resposta a este concepto de emigración (dese modo se recolle no Catastro) é a do labrego ausente.

Un estudio das cifras desta emigración temporal resulta inviable, a causa da falta de fontes de información directa. Sen embargo, si é posible representar graficamente a evolución das ondas migratorias —e, polo tanto, escudriñar na importancia que a emigración ten en cada momento— a través de datos indirectos, como pode ser o número de defuncións entre os veciños ausentes...⁸.

Partindo da probable hipótese de que o volume das ondas migratorias temporais e o número de defuncións ocorridas no movemento migratorio se correlacionan directamente, teríamos nestes últimos datos unha representación da cantidade de persoas emigradas⁹. Establecendo a equivalencia entre emigración temporal e emigración peninsular, obteríamo-lo seguinte perfil:



Igualmente, considerando a hipótese de que a cantidade de persoas que se manteñen na emigración americana (en canto que representativa da migración exterior) se vincula ó nivel de mortandade dos ausentes americanos, concluímos no seguinte gráfico:



A interpretación do primeiro perfil incide nun grande descenso da emigración temporal, que alcanza o seu cénit a mediados do século XVIII, caíndo en picado, e case desaparecendo, na primeira metade do XIX.

O segundo perfil engade elementos que provocan a dúbida, pois non é posible recoñecer a relación entre o número de novos emigrados e o número deles retornados. O que si se pode concluir é que o contingente de ausentes no exterior se ve diminuído á metade —polo tanto, non se mantén na mesma taxa negativa cá emigración temporal— aínda que si se aprecia ese decaemento.

Ante esta situación cabe preguntarse pola causa acontecida na economía local para que se produza o grande descenso migratorio, nun primeiro momento entre os anos 1784-1809 —a pesares das sucesivas crises agrícolas da década dos noventa— e nun segundo momento, e máis importante, entre os anos 1810-1840.

A resposta parte dun novo papel económico reservado ó mar: ese primeiro momento coincide coa chegada dos fomentadores cataláns ás Rías Baixas, producida na segunda metade do século XVIII na ría de Vigo para, posteriormente, pasar á pontevedresa a través dos portos de Aldán e Bueu.

O segundo momento ha coincidir co desenvolvemento e enraizamento dunha industria da salga local, aínda que ligada ós cataláns. Os labregos convértense en mariñeiros, fórmanse compañías para a pesca e incluso se arman artes e instalan salazóns.

Isto debe engadirse a unha maior independencia da economía agrícola, de xeito que as crises do campo (coma nos anos 1754, 1763 e 1769 ou as citadas da década dos noventa) non van influír no aumento da emigración.



Posta na praia Longa de Bueu.

A Xábega

A Xábega é unha arte de pesca que chega ás nosas costas a mediados do século XVIII, coa influencia dos Países Cataláns sobre a nosa pesca de sardiña¹⁰. A arribada dos cataláns ás nosas costas, traendo con eles a Arte, debeuse producir na ría de Vigo, para logo penetrar, como antes se indicou, na de Pontevedra a través dos portos de Aldán, Beluso e Bueu¹¹. J. M.^a Estévez acredita unha presenza catalana no porto de Bueu no ano 1765¹² e Santos Castroviejo unha arte xábega patroneada por Juan A. Comedeia no 1775¹³. Igualmente, nestas datas, Josef Santos, patrón de Bueu, pescaba coa xábega propiedade de Fco. Genaro Ángel.

Concretando máis as datas, cabería sinalalo período que abarca entre o 1750 e o 1767, anos que separan ás Ordenanzas de Sarmiento¹⁴ como

datas da implantación catalana: no ano 1750, e por Real Orde, dispón unhas novas Ordenanzas pesqueiras nas augas pontevedresas. Nelas, esta arte non aparece citada¹⁵.

Non ocorre o mesmo cando debe modificá-las referidas Ordenanzas no ano 1767, pois non só se recolle unha referencia á Xábega en diferentes artigos, senón que tamén fai unha referencia indirecta á presenza dos cataláns no título das mesmas: "*Ordenanza de pesca que se debe observar... por los marineros matriculados naturales y forasteros de otras provincias de España, igualmente matriculados, que vinieren a pescar a ella con las licencias correspondientes*"¹⁶.

Nesas ordenanzas, no art. 30 dispón:

"...que de pocos años a esta parte se han introducido también unos instrumentos que llaman jábe-

gas, y otros red barredera, de doscientas y cuarenta brazas de largo, con un saco en medio de trece brazas de largo también, su ancho de diez y seis brazas, su boca de cuarenta brazas: la red tiene la malla de dos cuartas las primeras, las segundas de cuarta y media, las terceras de media cuarta, y las cuartas, de menos de media cuarta; de manera que tirando por ella, cierra y hace como pared: la malla del cope ó saco es algo mas estrecha que la de la sacada alta; pero la de la corona ó fecheyra es la mitad menos que la de dicha sacada, y este instrumento se encasca con alquitrán, por cuyas circunstancias con este instrumento se arrastra á tierra todo género de pescado que entra dentro, y aun la misma cria que se halla en el lodo y fango y esto en tanta abundancia, que en algunas ocasiones y parages la abandonan, y sólo sirve a los labradores que vienen a buscarla para estercolar las tierras".

O conflito criado nos anos vindeiros, motivado polo emprego deste aparello, aparece xa en estado latente nestas Ordenanzas, xa sexa neste artigo, xa en outros anteriores, p. e, o 2º:

"... que todos los marineros matriculados de esta provincia deban ejercitarse en la pesca con la mayor quietud y sosiego, evitando todo género de quimeras, no sólo entre sí, sino también con los marineros que de las otras provincias de España vinieran á esta al mismo ejercicio con las licencias correspondientes..."

Será Sarmiento un dos acérrimos adversarios da Arte, fronte ó xeito que define, no art. 5º das Segundas Ordenanzas, como "el mejor y más útil instrumento para pescar sardina, de cuantos hasta ahora se conocen", xurdindo con el, en canto que lexislador, os impedimentos ó que se denominará a liberdade de pesca. As medidas contrarias a esta actividade aparecen nos puntos seguintes das Ordenanzas:

"31. Item se declara, que por las circunstancias expresadas no se debe usar de este instrumento en los recodos y sitios en donde se abriga, apasta, se cria y desova la sardina en las rías de esta provincia, sino hacia la costa, ...; y el que usare de los expresados instrumentos desde dichos términos para dentro de las rías, incurra en la pena de cuatro mil maravedis.

32. Item se declara, que no se pueda usar de dichos instrumentos de noche, sino es de día, y desde

primeros de agosto hasta últimos de enero, únicamente como queda prevenido en las sacadas altas".

Coas segundas Ordenanzas de Sarmiento e ata a implantación definitiva da Arte, nos anos 1804 e 1809 (datas de aprobación das R.O. que consagran definitivamente a Liberdade de Pesca e A Ordenanza Xeral) os enfrontamentos entre os defensores e adversarios desta modalidade de pesca van máis alá que dos simples conflitos legais¹⁷: gracias a conxunción de diversos factores, significará o xurdimento da produción capitalista nas rías, substituíndo un sistema anterior que plasmaba a estratificación social do Antigo Réxime.

Entre estes factores, asoma o fin do monopolio da vila de Pontevedra no secado do peixe (concedido por Alfonso IX) así como o de "salgar, arencar, resalgar, fornecer Cercos e Sacadas privativamente, reconocida por los Mareantes de Combarro, de Marín y Morrazo en 1492 y 1508"¹⁸; monopolio que obrigaba ós mareantes do Morrazo á venda da sardiña na Moureira pontevedresa.

O exercicio deste monopolio perde sentido co decaemento da actividade extractora na vila de Pontevedra, pero, sobre todo, coa introducción dun novo método de conservación da pesca: a salga chegada cos cataláns, xunto cos seus novos aparellos, e os almacéns que a empregan, como método de conservación do peixe, extendese pola beiramar das rías¹⁹.

Con estes antecedentes contextualízase o discurso que rodea o universo das Artes ou Xábe-gas nos anos inmediatamente posteriores á consagración definitiva da liberdade de pesca, isto é, entre o 1809 e o 1814.



Arte secando na praia de Beluso.

Descrición do aparello

Xaquín Lorenzo, na descrición das diferentes artes de pesca, afirma que nos límites do concello de Bueu a xábega empregada era máis grande ca noutras pesquerías próximas, referíndose á Xábega Real²⁰. Sen embargo, isto debeu acontecer recentemente, pois, nesta segunda década do século XIX, esta afirmación non se corresponde coa realidade, senón que se trataba dunha arte mediana, descrita así por C. Sampedro:

"Las Jábegas de Bueu y Beluzo son algo menores que las grandes de Pontevedra.

Tienen como 150 brazas por Banda, y el Copo 16. con 1.800 a 2.000 mallas.

Cada Banda tiene su trozo ó Mena do Casarete, con 30 brazas de largo y 450 mallas de altura: la Mena de la Doseña, con 45 brazas: la del Regal ó Regales, con 40, y otras tantas, la Mena dos Claros.

El Mallaje del Copo, lo mismo que el de las Entradas 6 Follas, Cope y Corona, es con muy leves diferencias, como el de Pontevedra: la casi igual altura de las Postas obliga á tener casi una misma medida.

Llevan las tres grandes Boyas de cerca de los Calones y del Centro de la Boca"²¹.

A referencia ó Cope pontevedrés sáldase cunhas medidas medias de: 3,5 brazas para a Boca ou Entradas 5 Follas, con 44 de ancho no borde exterior por 32 na súa unión interior; o Cope propiamente dito, de 7 brazas; e a Coroa de 3,5.

O custo dunha xábega, no ano 1810, e cun ano de antigüidade ronda os 6.500 reais vellóns²².

As postas

Os lugares establecidos para o uso da Arte denomináronse postas: zonas dispostas exclusivamente para a faena, co fin de non ser enturbado o uso libre do aparello.

As postas dos portos de Bueu e Beluso no ano 1750 eran dúas: a praia longa de Bueu e a de Beluso²³. No 1814, cinco anos despois de establecerse, con carácter definitivo, a Liberdade de Pesca²⁴, xa eran tres: a praia de Beluso e a praia de Bueu (dúas neste último caso, unha pola banda da ría e outra pola do mar). En 1884 o número pasara a sete: á parte das anteriormente sinaladas, cabería incluír: Portomaior ou Montegordo, Loureiro, Mourisca e Melide (esta na illa de Ons)²⁵.

Este incremento pode ser atribuíble, por unha banda, á presenza das numerosas salgas equipadas cos seus aparellos extractores, o que facía a todas luces insuficientes as postas existentes; e, por outra banda, ó maior número de mariñeiros dispoñibles para o traballo con esta arte.

Esta segunda causa estaría motivada por:

—Tratarse a Xábega dunha arte que precisa de poucos homes, en relación coa súa capacidade de pesca, fronte ó Cerco Real.

—Apunta Santos Castroviejo que coa aparición da figura do mariñeiro asalariado —que permite que aqueles Matriculados que prestan servizo na Armada poidan, estando na casa, participar nas "secadas"—, son moitos os veciños que, non podendo participar na armazón

dun aparello, se deciden a traballar para un fomentador, que corre con tódolos riscos na pesca, ofrecendo un salario fixo ós mariñeiros.

—Co freo posto á emigración, un maior número de persoas está en disposición de prestar servizo nunha compañía da xábega.

Actores

Entre as persoas relacionadas coa xábega, cabe diferenciar nun primeiro plano ó propietario ou amo²⁶. Nesta época de 1809-13 tratábase dun fomentador (aquela persoa que tiña, ben como propia, ben arrendada, unha fábrica de salga e fomento da pesca da sardiña).

Nun segundo lugar, atopábanse os homes matriculados, os membros do foro de mariña²⁷. Como consecuencia desta condición, debían afrontar tódalas cargas que lle eran inherentes: o pago dos décimos, enrolamento na Armada da S.M., etc. Nun número aproximado de trece, o seu labor desenvólvese a bordo das lanchas de pesca, e entre eles figura o patrón, aínda que se teñen dado exemplos cun número moi superior.

O patrón, que normalmente xogaba un papel social relevante (pois era quen habitualmente exercía os cargos directivos do gremio²⁸) dirixía a faena da pesca. Para o seu nomeamento tíñase especialmente en conta a súa pericia, non só como director da faena senón tamén na venda da pesca, ...

A figura do segundo patrón outorgaba a confianza dun substituto no caso de ausencia do primeiro. Ó tempo, actúa como administrador do fondo da compañía.

Por último, figuran os terrestres, aquelas persoas que, sen te-la necesidade de pertencer ó foro do mar, participan na faena empuxando da Xábega desde terra. O seu número roldaba os oito.



A embarcación

Eran dous os tipos de embarcación, unha principal, empregada durante a faena de pesca para larga-lo aparello; e outro barco secundario, que cumpría funcións de axuda na pesca e, posteriormente, actuaba como "enviada" ó punto de desembarco do produto do lance:

—O galeón ou lancha da arte. Barco de dobre proa e de nove a once metros de eslora, gobernado por cinco ou seis remos por banda, sen pau nin vela. Do centro cara á popa conta con espacia abondo como para leva-la rede.

—As lanchas de enviada. Botes auxiliares (tamén chamados botes da arte), de popa cadrada, e de cinco a seis metros de eslora. Conta cun pau ó tercio ou á vela e tres ou catro remos por banda²⁹.

O valor do galeón sobrepasa os 2.000 reais vellón; a lancha de enviada, os 700. Outros barcos de carácter auxiliar son a lancha de aparello, dun valor de 400 reais vellón; e, o bote, de 200 reais vellón. A isto súmaselle os remos, dun custo de 15 reais vellón a unidade³⁰.



Debuxos extraídos de: José M.^a Massó García-Figueroa: *Barcos en Galicia de la prehistoria hasta hoy y del Miño al Finisterre*.
Excma. Diputación-Pontevedra, 1982.



Fábrica de salazón de D. Atilio Gaggero.

A fábrica-almacén de salga e fomento de pesca

En canto á descrición da fábrica de salga, de diversos contratos de arrendamento³¹ podemos extraer uns rasgos que permitan establece-lo esquema fabril:

A fábrica de fomento da pesca da sardiña, composta de casa e mais dos almacéns, atópase situada na beiramar. Son moitas as veces que ocupa terreos públicos, xa sexa gañados á praia mediante concesións, xa sexa mediante asentamentos en chan comunal³².

Inclúe, o almacén, os correspondentes surtidos para a recollida, salga, envase e beneficio da pesca da sardiña como son os lagares, alfolí do sal, prensas, morto, encascador, caldeiras e demais pertreitos, miudezas e efectos consistentes na precitada casa-almacén, as cubertas de tinglados e oficinas anexas e privativas do comercio, cunha ou dúas xábegas, as súas cordas, un galeón, as lanchas de enviada así como algún bote menor e aparellos pertreitados debidamente.

Así podemos comprobar cómo cada fábrica-almacén é unha unidade productiva independente, apta para realiza-lo proceso productivo completo desde a extracción da pesca ata a finaliza-

ción do proceso de transformación do peixe, pasando polo mantemento e reformas do instrumental tecnolóxico.

A mesma fábrica ten un valor inmobiliario ó servir como obxecto de aluguer. A duración deste é variable, desde unha tempada alta —que abarca de outubro a xaneiro— ata varios anos. A cantidade estipulada como pago varía segundo a fábrica e a duración do contrato, indo desde os 3.000 reais-ano por seis tempadas ata 6.500 reais dunha tempada alta ou os 10.500 reais dun ano completo. O custo da armazón da propia fábrica-almacén é de 27.000 reais vellón, aproximadamente, ós que se lle engadirán outros 27.000 para gastos de funcionamento³³.

A esas cantidades cabería sumarlle o valor da propia fábrica-almacén, que rolda os 45.000 reais³⁴.

Xeralmente, a persoa arrendataria é un matriculado, máis concretamente, un patrón.

Normas reguladoras da extracción

No ano 1814, e debido ós numerosos conflitos e desavenencias entre as xábegas das parroquias de Bueu e de Beluso, os patróns das doce artes existentes³⁵ —sete en Bueu e cinco en Beluso— asinan un convenio³⁶ no que participa o Cabo do Mar do Porto de Bueu a fin de organizar unha serie de normas a observar polos afectados e polo tamén presente Axudante Militar da Vila de Cangas e o seu Distrito, o Tenente de lombarda da Armada D. Melchor González.

E estes convenios no sur da Ría, celebrados ante as Autoridades da Mariña e ante escribano, habituais na pesca do boliche, pasaron a ser comúns nas xábegas (ex.: Convenios e regulamentos de 1842 e 18 de Marzo de 1874 nos portos de Bueu e Beluso³⁷).

As normas que aparecen recollidas no protocolo de Pascual de Juncal son:

1) *"que ninguno podrá largar dhos. Aparejos con más de diez y ocho calas de á quarenta brazas cada una"*.

2) *"Despues que aya largado el que le corresponda al tiempo de ponerse el sol, no podrá verificarlo otro alguno hasta que lo haga el que esté de luz, y sucesivamente los que le correspondan cada uno por su vez"*.

3) *"Que nadie pueda largar en la Playa de Bueu, ni en la de Beluso, ni por la parte de la Ría, ni por la de la Mar, si no las dos artes parejas en aquella, y en esta una sola"*.

4) *"Que tampoco podrá apretar uno a otro hasta que el que esté tirando tenga ya diez cuerdas en tierra"*.

5) *"Que solo podrá tardar el termino de una hora en largarse el Aparejo desde la salida de la Playa hasta volver á ella con el cavo ultimo puesto en tierra y otra hora en tirar hasta el cabo que hace diez, para que pueda largar el que sigue de vez"*.

6) *"Que de ninguna manera largue Aparejo alguno antes del día primero de Noviembre desde la puesta del Sol del Sábado ó vispera de día de Precepto hasta la salida del mismo del Lunes, ó día siguiente al de Precepto; pero durante la cosecha, es decir, desde dho. día primero de Noviembre hasta el ultimo de Enero podrán verificarlo después de oída la Misa, y á fin de que no aya competencia ni disgustos en condición, que al que esté de luz en tales días de precepto de Misa no podrá apurarsele hasta las nueve del día, hora en que se le considera haber echo aquella bligación"*.

7) *"Que los visperas de Domingo o días de Precepto si el que está tirando no tiene diez cuerdas en tierra quando ya el sol pasó de bañar el Rio, no podrá largar el que sigue quedando de luz para el día siguiente que pueda trabajar"*.

Para os infractores de tales normas sinálase a pena de quince días de cárcere e a perda da pesca do lance cometido en exceso, a cal será depositada nun fondo da mariñeiría dos portos de Bueu e Beluso.

Os patróns asinantes deste convenio son, por Beluso: Bernardo de la Rosa, Antonio Pérez, Josef Pérez, Josef de la Rosa y Josef Santos; e por Bueu: Francisco López, Fernando García, Pedro de la Rúa, Benito Piñeyro, Josef Gabriel de la Rúa, Francisco Agulla y Manuel Troncoso.



A Enviada arrivando coas capturas.

Principios internos para o funcionamento da Xabéga³⁸

A Arte atopábase composta por trece membros do "foro da Mariña", embarcados nas lanchas³⁹; e, oito membros terrestres, o que fai un total de vinteún homes.

Os participantes obríganse por medio dun contrato cos seus compañeiros e todos eles co propietario-armador da Xábega.

Neste contrato exprésase a obriga polo armador de pór a disposición do grupo unha arte de pesca, con dúas lanchas surtidas e habilitadas, para empregar no exercicio da pesca así como a reparación e reposición de pertreitos estropeados.

Ó tempo, recóllese no contrato unha obriga de asistencia dos integrantes, sendo sancionadas as faltas con catro reais vellón, que pasan a engrosa-lo fondo da compañía.

A súa duración abarca desde finais de agosto ata o último día de xaneiro, data de finalización da campaña. A raíz deste dato e do referido arriba, no convenio entre patróns, conclúese que a campaña podería durar de agosto a xaneiro, con dúas etapas, unha que abarca de agosto a novembro e outra que iría de novembro a xaneiro, sendo esta segunda etapa de maior esforzo extractor.

O descanso de febreiro a xullo relaciónase coa veda legal suprimida o 13 de marzo de 1888. Esta veda para a pesca coa Xábega fora instaurada primeiramente no artigo 32 da segunda Ordenanza de Sarmiento e reafirmada pola Orde do 29 de Marzo de 1813⁴⁰, e tiña os seus antecedentes nas Ordenanzas do Gremio de Mareantes de Pontevedra (estendidas ó exercicio da pesca en toda a ría)⁴¹.

O armador conta ó tempo cunha fábrica de salga e fomento da pesca. Esta fábrica pode ser da súa propiedade ou alugada, incluíndo neste caso o armamento: barcos, aparellos, etc.

É no propio almacén onde se facía o reparto da pesca, correspondéndolle ó propietario a metade da mesma, xa fose de sardiña, xa de peixe branco. Dado que a pesca era recibida a bordo das lanchas, debía correr a cargo do propietario a descarga da mesma. Non se especifica se o reparto é anterior ou posterior ó pago do décimo do mar⁴².

De entre os integrantes da xábega, un deles actuará de gobernante e director do exercicio da pesca, escollido en función da pericia e experiencia.

Ademais é posible incluír na arte tecnoloxía propia de cada membro: lanchas armadas, aparellos,...

Consecuencias sociais da instalación dos fomentadores

Como se ten amosado ó comezo deste traballo, a explotación da sardiña a principios do século XIX supón unha transformación importante no sistema económico, contribuíndo a solucionar-lo problema da emigración. Entre outros elementos transformadores cabe citar:

1.- A loita continua que os Fomentadores manteñen contra as institucións do Antigo Réxime, e que non permiten un desenvolvemento económico ordenado e xusto.

A nivel local cabe referirse ás figuras de Cristóbal Domenech, Salvador Gil, Félix Ricart,

Francisco Pasqual e, como cabeza sobresaínte Nicolás Domenech. Cando no ano 1811 Pedro Piñeiro, veciño de Ardán e arrendatario dos frutos decimais da freguesía de Bueu, pretende cobra-lo décimo do mar, atópase coa negativa destes fomentadores a tal pago, e dispostos a pleitear ata chegar á S. M. Rexente⁴³.

Cristóbal Domenech, residente en Marín, afirma que nin cura nin ninguén reclamou en moitos anos décimo algún, por non pertencerlle a ninguén o dereito de cobro sobre a sardiña. Pois, certamente, con dificultade podería terse cobrado cando os almacéns-fábrica de salga son ben recentes na época.

Salvador Gil, veciño de Bueu, Félix Ricart, catalán residente en Bueu, e Nicolás Domenech, veciño de Bueu, emprenden unha loita legal á que se xunta, meses despois, Francisco Pasqual, do porto de Vigo. Todos eles con intereses salgadeiros na parroquia de Bueu, encabezados por Nicolás, chegan ata a raiña coa solicitude de supresión do referido décimo.

Politicamente, contarán co apoio das autoridades da mariña, sobre todo a xefatura ferrolá. A importante regulación contra os décimos elaborada pola marina contribuíu de maneira moi importante ó decaemento da recadación.

2.- A aparición dun capitalismo moderno, con elementos como: préstamos a empresas, embargos xudiciais por impagos, xestores desligados do capital, accionistas...⁴⁴

Pero non só iso. A transformación das antigas compañías de extracción —na que cada mariñeiro poría unha parte do aparello— nun inicio "cooperatívo" para a extracción da sardiña: con capital de diferentes mariñeiros, que expresan o desexo de que os beneficios empresariais non revirtan en ninguén máis ca neles, créase unha compañía de extracción.

Como exemplo valla o que recolle Benito de Aris⁴⁵, no ano 1819, na parroquia de Bueu: Trinta e catro veciños pónense de acordo para o aprovisionamento de aparellos e barcos precisos para que, *coma donos*, recaia neles a totalidade das utilidades da pesca.

Cada participante porá 350 reais por cabeza, e a duración da compañía será de catro anos, comezando case de inmediato (un mes despois).

Como condición establécese que ninguén se poida empregar noutro aparello, coa excepción de catro persoas, que só aportan capital: dous delegan o traballo noutras persoas e os outros dous simplemente se deciden a investir na compañía, en canto que terrestres cun capital para investir.

O nomeamento do patrón recae en Josef Piñeiro, quen nos últimos seis anos tivera arrendada unha fábrica-almacén de salga a Félix Ricart. Este nomeamento baséase na súa experiencia. Tamén se nomea un segundo patrón e tanto a aquel coma a este se lles encomenda o coidado dos barcos (tarefa pola cal percibirán media parte máis).

Os barcos son propiedade do "capitalista" Juan Freire, dos mariñeiros Francisco Santos e Gerónimo Piñeiro. Por eles percibirán a parte dun home, e non poderán retiralos na duración da compañía.

Outro "capitalista" realiza as funcións de depositario, cobrando, por tal traballo, media parte.

En canto ás normas de funcionamento interno para a extracción réxense de igual maneira cás restantes compañías, independentemente da súa propiedade.

Cabe subliña-lo seguinte:

—A idea de propiedade. Actuación en canto que donos.

—Presencia de simples capitalistas. Terrestres que non participan na extracción; tan só fan un investimento na compañía.

—Presencia da persoa de Josef Piñeiro, con ampla e recente experiencia na industria da salga.

A estas liñas debería engadirse que o beneficio dos fomentadores non procedía tanto da actividade extractora, coma da comercialización do produto nos portos mediterráneos: de ahí o seu interese en manexar maiores cantidades de sardiña, ó obter moi importantes plusvalías coa transformación e venda do peixe⁴⁶.

3.- Creación dunha burguesía local. Non só os cataláns rematan por asentarse nas Rías Baixas, senón que as súas familias adquiren a veciñanza. Un exemplo sería o do anteriormente citado Nicolás Domenech, veciño de Bueu a comezo do século XIX.

Ademáis, os hábitos destas xentes son adquiridos polos locais, quen tamén instalan salgas semellantes, néganse ó pago dos décimos, acumulan capital.

Determinados documentos empregados na elaboración do presente traballo, dada a súa importancia para a historia local, son presentados a continuación como anexos:

CONVENIO ENTRE LOS PATRONES DE JABEGAS DE LOS PUERTOS DE BUEU Y BELUSO.
AHP 1462(B) fol. 169

En la villa de Cangas a veinte y cuatro dias del mes de octubre, año de mil ochocientos y catorce: Ante el Sr. Dn. Melchor Gonzalez Teniente de Bombarda de la Rl. Armada y Ayudante Militar de esta dha villa y su Distrito, pr. presencia de mi Esno. titular de ella y Testigos parecieron presentes Franco. Lopez, Fernando Garcia, Pedro de la Rúa, Benito Piñeyro, Josef Gabriel de la Rúa, Franco. Agulla, y Manuel Troncoso Patrones de las siete Artes correspondientes al Puerto de Bueu; y Bernardo de la Rosa, Antonio Perez, Josef Perez, Josef de la Rosa y Josef Santos que lo son de las cinco del Puerto de Beluso con Cayetano Fraguas Cabo de Mar de aquel Puerto de Bueu, manifestando las desavenencias y desordenes qe. observan entre si mismos pr. falta de un metodo que les organize y sirva de norma para los dias, horas y orden que deben observar y tener para largar los expresados Aparejos de Artes, evitando ási recíprocos perjuicios en los Intereses de la Pesca y Artefactos y tambien no contravenir de manera alguna á las ordenes de sus superiores En esta materia; y pr. lo tanto siendo a su parecer el unico y mas acertado pa. el efecto formar un Documento Convencional ante su Sefe inmediato el referido Sr. Ayudante y pr. fe de mi Esno., para que sirva de tal autentic, y qe. ninguno tenga qe. alegar, ni qe. exponer cosa en contrario, así todos reunidos, y presentes en plena conformidad Dixerón: Ser las clausuras siguientes las mismas que acuerdan para evitar aquellos perjuicios, y son = Primeramente, que ninguno podrá largar dhos. Aparejos con mas de diez y ocho calas de á quarenta brazas cada una = Despues que aya largado el que le corresponda al tiempo de ponerse el sol, no podrá verificarlo otro alguno hasta qe. lo haga el que esté de luz, y subcesivamte. los que le correspondan cada uno pr. su vez = Que nadie pueda largar en la Playa de Bueu, ni en la de Beluso, ni por la parte de la Ria, ni por la de la Mar, si no las dos artes parejas en aquella, y en esta una sola = Que tampoco podra apretar uno a otro hasta que el qe. esté tirando tenga ya diez cuerdas en tierra = Que solo podrá tardar el termino de una hora en largarse el Aparejo desde la salida de la Playa hasta volver á ella con el cavo ultimo puesto en tierra y otra hora en tirar hasta el cabo qe. hace diez, para qe. pueda largar el qe. sigue de vez Que de ninguna manera largue Aparejo alguno antes del día primero de Noviembre desde la puesta del Sol del Sabado ó vispera de día de Precepto hasta la salida del mismo del Lunes, ó dia siguiente al de Precepto; pero durante la cosecha, es decir, desde dho. dia primero de Noviembre hasta el ultimo de Enero podrán verificarlo despues de oídá la Misa, y á fin de qe. no aya competencia ni disgustos es condición, que al qe. esté de luz en tales dias de precepto de

Misa no podrá apurarse hasta las nueve del día, hora en que se le considera haber echo aquella obligación = Que los visperas de Domingo o días de Precepto si el que está tirando no tiene diez cuerdas en tierra quando ya el sol pasó de bañar el Rio, no podrá largar el que sigue quedando de luz para el día siguiente qe. pueda trabajar: Estas son las condiciones y clausuras en qe. unánimemente se han convenido los otorgantes como cavezas de los respectivos Aparejos y responsables pr. lo tanto á los excesos qe. cometan á las mismas que lo serán todos los demas Tripulantes e Individuos de Matricula para cuyo efecto asimismo se les ahrá saber pr. el Cavo de Mar y Patronos de Orden del referido Sr. Ayudante, pues qe. todas las condiciones aqui señaladas son puestas y dictadas despues de tomados los informes y noticias (...) por su larga experiencia, quedando así sugetos los qe. los subcedan a las mismas condiciones y penas que se señalan para el mejor gobierno y tranquilidad del Gremio. Y así pues para conseguir el objeto á qe. se reunieron oy y aya algun castigo para el contraventor o contraventores a qualquiera de las clausuras aqui escritas fueron de opinion conforme entre si mismos sufran el de quince días de carcel y la perdida de la Pesca que cogiere en el lance qe. cometio el exceso la qual beneficiada se depositará para un fondo de la Marineria de los repetidos dos Puertos de Beluso y Bueu á fin de qe. le sirva para sus exenciones, y esto sin perjuicio de subsanar los dañor qe. ocasionen y demas Providencias en Justicia á qe. diese lugar pr. su exceso: Lo qual mediante que ha sido concordado y arreglado con toda reflexa atendidas las circunstancias y que de ello refluye comun utilidad y beneficio se obligan á su rigurosa observancia, como la verificarán los mas que sean sus subcesores en la Patronia de dhos. Armamentos, sugetandose pr. lo qe. á ellos toca con sus Personas y Bienes á su cumplimiento, y dieron Poder á los Señores Jueces y Justicias competentes para qe. así se lo hagan guardar como por sentencia pasada en Cosa Juzgada y comentida; renunciaron las Leyes, fueros y derechos de su favor, y la qe. prohibe la general en forma. Así lo digeron y otorgaron firman con el Sr. Ayudante que lo autoriza con su presencia y visto bueno, los que expresaron saber, y por los que aseguraron qe. no saben, lo hace a su ruego uno de los Testigos presentes que lo son Dn Manuel Antonio Fandiño, Dn Josef Benito Aris, y Mateo Valledor, vecino el primero y residentes los segundos en esta dha. villa de lo qual y conocimiento Yo el expresado Esno. como titular de esta Ayudantia Militar de Marina doy fé =

CONTRATA DE COMPAÑIA ENTRE JOSE PEREZ, MATHIAS AGULLA Y OTROS EN
LA PESCA DE UNA JABEGA. AHP 1462(A) fol. 144

En la Feligresia de San Martin de Bueu á veinte y seis dias del mes de Agosto, aó de mil ochocientos y Diez: ante mi Essno. y testigos parecieron presentes Josef Perez vezino de la de Santa Maria de Beluso de la una parte; y de la otra Mathias Agulla = Pedro Freire = Juan Ignacio Portela = Senaro Agulla = Josef Perez el mozo = Cayetano Perez = Domingo Garcia = Ciprian de Loira = Melchor de la Cruz = Manuel de la Villa = Vicente de Curra = Casimiro Garrido = Ignacio del Rio todos con el primero del fuero de Marina = Cosme de Currás = Mathias Agulla Juncal = Josef Aldao = Digo y Antonio Sestay = Cipriano Buezas = Franco. Agulla del Norte pr. Josef su hijo, que son Terrestres y vecinos todos de esta Parroqa. á excepcion del dho Josef Perez que lo es de la de Santiago de Hermelo; u de un acuerdo, y conformidad Dixeron: Que por quanto el sobredho primer Josef Perez está convenido con los mas referidos de entregarles, y poner a su disposición una Arte qe. posee de la Pesca con dos Lanchas surtidas y habilitadas, tanto aquella como estas, para qe. se empleen con ellas en el exercicio de la Pesca durante la temporada que corre desde aora hasta ultimo de Enero del año proximo venidero de mil ochocientos y once, con tal qe. le ayan de dar la mitad de toda la Pesca qe. hayan tanto de la sardina como del Pescado blanco qe. se rede y coja, poniéndosela ellos mismos en las referidas Lanchas á la orilla de la Rivera Mar de Figueiró al frente del Almacén donde alli tiene su fabrica, reciviendola á bordo de las mismas Lanchas, con cuió echo quedará termianda la obligación de los expresados Recipientes de las expresadas Arte y Embarcaciones, y estos tripulantes que la han de manejar, llebarán la otra mitad enteramente de toda la Pesca que hagan en la mencionada temporada de qe. dispondrán y usarán como tengan pr. conveniente: En cuiá contrata confiesan todos los comparecientes estar aferidos y acordes sin discrepancia, y en nombrar como lo hacen todos los dhos. Recipientes de las referidas Arte y Lanchas pr. Patron qe. las Soviegne y dirija la disposición del Exercicio de dha Pesca al dho. Mathias Agulla el maior, como que conocen su pericia; y esperiencia pr haberla acreditado en otras ocasiones qe. ha Patroneado igual armamento, asegurando qe. todos se subhordiran á las disposicones qe. dé en el giro, y orden de los Puntos qe. mejor proporcionen el comun beneficio, conviniéndose en qe. el dho, Ignacio del Rio emplee durante la referida temporada una Lancha que tiene suya propia, surtida de lo necesario (¿envia?) de Compañia, llebando admas de su parte personal, la qe. pr. ella le sea debido; siendo condicion de que ninguno ha de poder separarse de la sociedad á menos qe. salga para el servicio, nimenos faltar á la asistencia diaria de dia y noche, segun le exijan las circunstancias qe. se presenten en el aprobechamiento de los Puntos y Lances de largar y hacer la Pesca, y esto a la voz del Patròn, u otro de los compañeros de su orden, bajo la multa qe. les sea im-

puesta a arbitrio del Patron, y los mas qe. sean puntuales en su ausencia, imponiéndose como lo hacen de mutuo consentimiento al qe. no sea puntual en prestar su obediencia a las Determinaciones y mandatos del mismo Patron, pr. cada vez que se experimente -la falta, la de quatro rrs. von. qe. han de exigirse para fondo de la Compañia, cui facultad confieren tambien al referido Senaro Agulla, supuesto qe. todos le nombran de Segundo Patron, para exercer de tal en las ocasiones qe. el dho. Matias no se halle presente pr. indisposicion u otra justa causa, sin que de otro modo sea arbitro para exercer semejante encargo, pues ha de ser obligado como los mas compañeros á sufrir toda la fatiga de la Compañia: En cui conformidad otorgan, qe. se obligan el expresado Armador Josef Perez á entregarles las referidas Artes y dos Lanchas bien acondicionadas, surtidas y apertrechadas de todo lo necesario, y no alterar el contrato que tiene echo con los mencionados Matias Agulla y mas socios de la Compañia qe. lleban formada, y estos tambn. se obligan á tratarlas y conserbarlas reparadas y cuidadas, en el supuesto de que las Lanchas, sucediendo romperse algunos Pertechos los ha de reponer el propio Dueño, y a facilitar lo mas necesario para la substentación de aquella, respecto de qe. por todo ello ha de llbar la mitad de dha. Pesca; y así se sugetan á lo qe. es del respectivo cargo en quanto queda clausurado con sus Personas y Bienes habidos y pr. haber. Dando Poder á los Señores Jueces qe. sean competentes, para qe. así se lo hagan guardar y cumplir como pr. sentencia pasada en Cosa Juzgada y Consentida, renunciaron las Leyes, Fueros y dros. de su favor con la qe. prohibe la general en forma: Así lo digeron, y otorgaron firman los que expresaron saber, y pr. los qe. no lo hace a su ruego uno de los testigos de esta Feligresia y D Josef Benito Aris qe. lo es de la Villa de Pontevedra; de lo qual, y conocimiento Yo Essno., escusando, segun acostumbro al titular de Marina por su ausencia, doi fé=

PODER OTORGADO POR DN NICOLAS DOMENECH Y CONSORTES PARA LA
DEFENSA QUE EXPRESA AHPI424 (11) fol. 29 e ss.

En la Fra. de Santa Maria de Darbo, Partido de la Jurisdiccion de Cangas á veinte y quatro dias del mes de Agosto año de mil ochocientos y trece: Ante mi Esno. y testigos personalmente constituidos Dn Nicolas Domenech vecino de la feligresia de San Martin de Bueu Salvador Gil residente en ella, Dn Felix Ricarte vecino de Villanueva de Geltiu en la Provincia de Cataluña, y Dn Franco. Pasqual del Puerto de Vigo Fomentadores de Salaon. de Pesca en la Playa del de Bueu y digeron: Que para oponerse y contradecir la accion que con el rotulo de Querella de Fuerza solicitando el Real Auto Ordinario propusieron en la Audiencia Nacional de esta Provincia de Galicia Pedro Piñeiro vecino de Santa Maria de Ardan y Dn Josef Pazos de Proben cura parroco de dha de Bueu contra los otrogantes y otros consortes sobre pago de Diezmo de sardina otorgaron su poder a Dn Miguel Garcia Procurador en la expresada Audiencia Nacional en donde se ha dado Auto mandando pagar dho Diezmo por la costumbre, en cuiá execución se halla entendiendo en el dia el Esno Jacobo Vilabedra pretendiendo llevar a efecto un Auto Asesorado preventibo de que los Exponentes exivan las Facturas de la sardina cogida, almacenada, entroxada y beneficiada en los Almacenes de los otrogantes con el errado fin de exigir el Diezmo ó su importe de sardina cogida fuera de los terminos de dha parroquia de Bueu y por consiguiente de la industria trabajo y caudales expandidos para su elavoraon. sobre cuió nulo y atentado Auto y diciendo ve nulidad y error contra el, ha producido el Dn Nicolas Domenech uno de los comparecientes como Apoderado de los demas un expresivo recurso comprehensivo de todos los defectos y nulidades que contiene dho auto y obrado por el Executor y testimonios que acreditan haberse hecho y presentado a S.A. la Regencia del Reino una Representacion a su instancia solicitando la suspension de tal Comision y que en Juicio competente se oyga a las partes en razon de la exaccion del tal Diezmo como lo acredita el testimonio de dhos Documentos que presentó al nominado Executor para que se arregle al espiritu de los Reales Autos de su Comision y en defecto se le protesto la Querella de exceso a que parece no intenta decidir continuando en su nulo procedimiento: Em esta consideracion, y a fin de que hay persona que haciendo presente lo expuesto, y quanto resulta del recurso producido a dho Executor que han aqui por expreso proponga contra el sobre dho la competente Querella de Exceso, otorgan que rebosando como revocan por motivos que omiten el Poder que han. dado y otorgado al dho Dn Manuel Garcia Procurador en la Coruña a su parecer en Septiembre del año pasado de mil ochocientos y once y con que este contradijo y siguió su defensa hasta ahora en dha Auda. Nacional sobre el referido asunto dejándolo como lo dejan en su buena fama y opinion, y procediendo sin animo de injuria como siendo necesario lo juran en solemne forma los otrogantes lo dan y confieren en bastante forma

quanto sea necesario mas pueda y deva valer a Dn Pedro Patiño tambien Procuraor. en dha Auda. Nacional con clausura expresa de que lo pueda jurar y substituir en otros Procuraores. y Agentes que tenga por conveniente para que en nombre de los otorgantes y representando sus propias pns. pueda parecer y parezca ante S.E. los Sres de dho Superior Tribunal se sirva mandar que suspendiendo en la execuon. de su Comision la remita por dho recurso al tribunal originalmente, solicitando que en su vista se digne declarar haber excedido con las costas en quanto no se arreglo al Spiritu de lo mandado por S.E. en los Rs. Autos se su Comion. declarando por nulo todo lo hecho y obrado en su execuon. y especialmente el Auto Asesorado por que se rige con las mas providencias que la Justificaon. del tribunal tenga á bien dictar contra Ejecutor y Asesores: Así mismo dan igual poder al propio Dn Pedro Patiño para la continuacion y substanciacion del asunto en quantos recursos y pretensiones se ofrezcan en el referido Superior Tribunal sin reservaon. de cosa alguna, obligándose á estar y pasar por todo quanto haga y practique judicial y extrajudicialmente el ó sus substitutos en defensa de los otorgantes que desde luego aprueban confirman y ratifican como si por ellos personalmente fuera hecho extensivo para introducir sucesivamte. otro qualquiera. recurso de exceso, nulidad y agravio que sea preciso, suplicar y apelar de los autos y providencias contrarias y practicar las mas diligencias que contemple oportunas pues que para todo ello y lo anexo y dependiente dan y confieren a dho Dn Pedro Patiño y sus substitutos el Poder expecial y gencial mas amplio que en derecho se requiera sin la menor reserva. Igualmente por el presente no solo aprueban y ratifican los Poderes que el Franco. Pasqual otorgó en favor de Dn Nicolas Domenech en el veinte y seis de junio del año próximo pasado ante el Esno. de Guerra de Vigo Dn Franco. Rodriguez Pesalta, y el que así mismo dieron al propio Domenech Salvador Gil y Dn. Felix Ricarte otorgantes en los quatro de Julio del referido año á testimonio del presente Esno, sinó que todos otorgantes de mancomun se lo dan y otorgan general y especial para que á nombre de todos dho Nicolas Domenech conteste, siga y defienda la question de que se trata, así ante los Ejecutores Comisionados, como en el Tribunal Real obrando á su arbitrio sin limitaon. de cosa alguna para que con el es entiendan quantas Diligencias sean precisas sin necesidad de hacerlo con los demás otorgantes que constituien igual obligacion de estar y pasar en todo tiempo por quanto haga y practique en el particular, hasta acudir al Supremo Tribunal de Justicia, y aun a la Regencia del Rno. siendo necesario, que el Poder Expecial y general que apra todo ello y lo incidente y dependiente anexo y conexo se requia. se lo dan sin reservaon. ni limitaon. alguna y con libre ampla franca y general administracion relevacion y las mas clausuras y firmezas para su validacion necesarias que han por expresas con las de aprovacion obligacion submision poderio y renunciacion de todas las Leyes, fueros y derechos de su Fabor, y la que prohíbe la general en forma: Así lo digeron y otorgaron firman excepto el Salvador Gil que expuso no saber y a su ruego lo executa un testo. de los presentes que lo son Dn Alejandro Cavallero vecino de la Villa de Cangas, Dn Josef Ferradás de la Fra. de Beluso, y Juan Franco. Martez. de la del Hio: De lo qual y del conocimto. de los otorgtes. Yo esno. doy fee =

1.- O espacio local ten unha configuración orixinaria de carácter rural. Así no-lo delatan os rasgos históricos do concello: Deixando apartada a cuestión de se os romanos tiveron asentamentos importantes no contorno, todo parece indicar que foi na Alta Idade Media cando se reorganiza o territorio do actual concello de Bueu, con asentamentos de poboación de orixe centroeuropea — con toda probabilidade, suevos— que se intercalan, completamente integrados, cos habitantes que xa poboaban o contorno con anterioridade; a edificación do Mosteiro da parroquia do Morrazo en Ermelo supón un segundo rasgo definitorio na organización da terra, por ser un referente relixioso na marca.

Ese carácter rural tamén nolo indica a toponimia, que permite concluír que nos atopamos nun espacio rural: ordénase en torno a "villae" medievais, estruturadas en pazos e casais (e á súa vez subdivididos en grañas, valados, agrelais, pastorizas, pereiras, loureiros, castiñeiras ou carrasqueiras, e con referentes como antepazos, fontes da vila, ...); civitas —ou unidades de poboación sen autoridade civil— coa súa cancela de entrada; castrelos;... E, cómo non, aproveitando os recursos do terreo para a construción: pedreiras ou barreiros.

Ó respecto pode consultarse *O candil*, 2, 1996.

2.- A *luctuosa* e un dereito de señoría, polo cal, á morte do cabeza de familia, a persoa que ostenta os dereitos sobre o territorio debe recibir, do gando do defunto, a mellor cabeza de catro pes. Así, á desgracia familiar engádeselle unha desgracia económica: á posible perda das terras aforadas —o foro acórdase dunha duración de tantas xeracións— súmaselle a perda deste animal. No territorio do concello de Bueu, estarían sometidos á *luctuosa*, cando menos, os habitantes do couto de Bon e Villar e a parroquia de Ermelo, distintos lugares da parroquia de Bueu,...

3.- O exemplo local máis importante desta perda de propiedades polos campesiños menos favorecidos aparece, no século XVI, unido á figura de Fernando de la Rúa y Freire, quen non dubida en mercar as propiedades de quen, principalmente por apuros económicos, están na necesidade de vender: terras, muíños, casas, ... para posteriormente aforalas, obtendo por elas unhas rendas de por sempre xamais.

4.- A finais do século XVIII e comezos do XIX o aproveitamento das terras comunais alcanza o seu grao máximo, debido precisamente a esa carencia de terras. Pegerto Saavedra, en "*La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*" recolle un anónimo do século XIX sobre as condicións de vida no Morrazo, referíndose ás pobrísimas familias que sobreviven levando seis ovellas ó monte e, vestíndose cunha coraza de carrascos.

Outra proba dese aproveitamento sería a abundancia de topónimos que permiten diferenciarlos distintos referentes do comunal: laxes, fontes...

5.- As testemuñas de figuras locais asociadas a esta especulación son moitas: os escribáns José Benito de Aris, Benito Antonio García Guardado e Pasqual de Juncal recollen múltiples exemplos nos que participa a Igrexa: a Confraría de Ánimas de Bueu subfora no ano 1803 unhas terras con dereitos do Priorato de Ermelo; tamén o cura rector de Bueu no ano 1813 realiza subforamentos; pero, figuras principais son D. Pedro Pimentel, quen desenvolve todo un entramado de subforos ó longo do século XIX, e o conde de Maceda.

6.- O escribán José Benito de Arís recolle nun protocolo do ano 1816 o testamento de María Benita Gestido, nai dun deses milicianos. No momento de testar, lémbrese do seu fillo, ó que lle deixa en herdanza unhas propiedades, sempre e cando se volva ter novas del, xa que saíu para servizo do exército en tempo de vida do seu home, e nunca máis se soubo do seu paradoiro.

7.- Hilario Rodríguez Ferreiro, en "Consecuencias del establecimiento de los fomentadores catalanes en las Rías Bajas en el siglo XVIII" mantén xustamente a tese contraria, afirmando que en Cela o sector pesqueiro representa o 56,4% da veciñanza e en Bueu o 22,6%.

Sen embargo, aténdonos ó Interrogatorio de Ensenada, os veciños da parroquia de Bueu son 284. No Persoal de Legos do mesmo Catastro refírese na parroquia de Bueu a cinco mariñeiros que serven en lancha —suponse que practican a pesca da sardiña—, quince que serven en dorna e dezaseis labregos que, esporádicamente, practican a agricultura. Nas cifras que manexa Hilario Rodríguez, posiblemente se mestura o número de veciños —cabezas de familia— co de habitantes que practican a pesca (manexa un total de 48 persoas relacionadas con esta actividade incluíndo os fillos que forman parte da unidade familiar), non sendo lexítima tal mestranza por desvirtuación das proporcións: neste caso debería compararse co número de habitantes e non de veciños.

Así mesmo, non parece correcto comparar xuntamente a importancia da pesca da sardiña coa do polbo: mentras un mariñeiro de lancha —e, en Bueu, só hai cinco— ten unha utilidade diaria de 3 reais, o mariñeiro de dorna só ten unha utilidade dun real. Nin tampouco xuntar nas estatísticas a labregos que só ocasionalmente practican a pesca con profesionais dela.

Con todas esas observacións, aínda aceptando as cifras deste autor, só o 16,19% practicaría a pesca. Outro erro máis dos seus cálculos.

No referido á parroquia de Cela, acontece outro tanto:

Dun total de 374 veciños, Hilario Rodríguez cifra en 69 o número de mariñeiros (incluíndo os que non son veciños), todos eles dunha utilidade menor, pois traballan en dornas. Aceptando eses datos, tan só representan o 18,44%, e nunca o 56,4% por el sinalado.

Por outra banda, dificilmente podería existir unha importante empresa marítima local cando na década de 1730-1740 a continua guerra naval contra Inglaterra obriga ós matriculados a enrolarse na Armada, deixando abandonadas as súas actividades productivas.

8.- Hilario M. Martínez Ferreiro: "La emigración del Morrazo a América, a través de los archivos parroquiales" en *Revista da Comisión Galega do V Centenario*, n.º 7, Abril 1990. Neste traballo, o autor estudia os libros parroquiais de defuntos en Cela, Bueu e Hío, xa que especifican o lugar de defunción deses "ausentes". Os datos por el recollidos teñen a particularidade de seren constantes, non presentando desviacións causadas por unha mortandade anormal: epidemias, guerras, accidentes ..., que puidese alterar as cifras.

Distingue Hilario Rodríguez catro períodos migratorios:

—Un primeiro, dunha duración aproximada dun século, abarca dende os anos 1641 ó 1737. Dun total de 181 veciños mortos no exterior, o 53,6% das defuncións teñen lugar en Andalucía e o

34,2% en Castela; como dato de referencia, sinalar que en América só se produce o 1% do total.

—O segundo período engloba os anos 1738-1783. Esta etapa coincide co maior número de pasamentos na emigración ata entrada do século XX. Cun total de 320 defuntos, o 54,68% sitúase en Andalucía. Un grande descenso, relativo ó período anterior, prodúcese en Castela, o 8,4%, mentras as cifras portuguesas alcanzan un 4%. Son tamén significativas as cifras americanas: 55 mortos, que representan o 17,2% do total.

—O terceiro momento sitúase entre os anos 1784 e 1809, sendo a súa característica o comezo do descenso da mortandade migratoria peninsular: do total de 79 defuncións, só o 44,3% ocorre na Península —ningunha en Castela e só unha en Portugal, o resto en Andalucía—. Pola contra, a taxa de emigrantes instalados en América continúa o seu crecemento proporcional: o 24%.

—Un cuarto período inclúe os anos 1810-1840. A característica máis relevante é a redución da mortandade. Trátase da taxa anual máis baixa dos catro períodos: cun total de 34 mortos, a mortandade en Andalucía representa o 14,7%, a castelá non existe, a portuguesa un 2,9% e a americana alcanza un 50%.

9.- Diferénciase a emigración peninsular da americana en que aquela ten unha duración determinada, menor ó ano; pola contra, a americana é indefinida. Esta diferenza resulta fundamental na hipótese manexada, pois implica que mentras na emigración temporal a mortandade anual representa aonda migratoria correspondente a ese período de tempo, na emigración americana, a mortandade anual só representa o continxente que permanece na emigración, xa sexa dunha ou de varias ondas migratorias non retornadas.

10.- M. Morales Almiñana, "Artes de pesca usados en Galicia" en *Industria Conservera*, Xaneiro-Febrero-Marzo de 1936.

11.- C. Sampedro: *Documentos, inscripciones y monumentos para la historia de Pontevedra*, Pontevedra, 1904, vol. III, páxs. 688-9.

12.- José M.^a Estévez Castro: *Reconocer Bueu*. Gráficas Duher, S.L. Pontevedra, 1996.

13.- Santiago Santos Castroviejo: "Historia da pesca e a salga-zón nas Rías Baixas, dende as ordenanzas xerais da Armada de 1748 ata o desestaque do sal de 1870", Unipro Editorial.

14.- Francisco Javier García y Sarmiento, subdelegado de Marina e capitán de Porto, en cumprimento dunha real orde que lle foi comunicada polo marqués de Ensenada, reforma as antigas ordes do arrabal de Pontevedra, que afectaban a toda a ría. Tarefa esta que foi realizada no ano 1750. "Ordenanzas de pesca para las provincias de Pontevedra y La Coruña y Real Decreto de 15 de Marzo del corriente año, sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia". Madrid, 1850, páx. 28 e ss.

15.- Dado o carácter conflictivo da súa introdución, a ausencia da Arte fainos pensar que esta aínda non se empregaba.

16.- 'Ordenanzas de pesca...', páx. 39 e ss.

17.- Un exemplo da conflictividade xirada en torno á xábega no ámbito local prodúcese sobre o ano 1787, uns mariñeiros dos portos de Marín e Cantoarea proceden a aprehender "expoliadamente" uns aparellos de pesca propiedade de Francisco Antonio Rodríguez, Pedro Pla y Rafalas, Josef Martínez, Juan Ricart, Miguel Castañer e Cristóbal Domenech, residentes en Bueu e Beluso. Existe a constancia de que o conflito, trasladado á xustiza, continúa durante 1788. O escribán Cosme de Canto Varela y Caamaño recolle diversas informacións ó respecto en AHP CA2220., principalmente en fol. 46.

18.- C. Sampedro: *Documentos...*, páx. 39.

19.- No ano 1805 había xa na parroquia de Bueu sete almacéns de salga. En Hilario Rodríguez Ferreiro: "Consecuencias del establecimiento de los fomentadores catalanes en las Rías Bajas en el siglo XVIII", nota 35.

20.- Xaquín Lorenzo: 'O mar e os ríos', páx. 34-5; Ed. Galaxia, Vigo, 1982.

21.- C. Sampedro: 'Documentos...', páx. 662-3.

22.- Pascual de Juncal. AHP I462A(1). fols. 111 e ss. Cabe pensar que estas cantidades deben sempre relacionarse co ano de compra debido a galopante inflación da época.

23.- Art. 14 das Ordenanzas de 1750 de Sarmiento.

24.- AHP I462B fols. 169 e ss.

25.- C. Sampedro: 'Documentos...', páx. 713

26.- A evolución nas relacións entre o amo e os mariñeiros varía no tempo. No ano 1810 permanecen aínda as figuras da compañía e do convenio entre os mariñeiros e o amo, para a pesca. Sen embargo, a finais do século XIX, as referidas figuras están desaparecidas, sendo substituídas por elementos contractuais entre o propietario e os traballadores (C. Sampedro y Folgar afirma que só permanecen na ría de Aldán, páx. 663) que pasan a te-lo carácter de xornaleiros (gañan 10 reais diarios o Patrón e 5-6 os Compañeiros).

Santos Castroviejo, na obra antes citada, explica os motivos desta evolución, sinalando como o máis relevante o exceso de prestación persoal dos matriculados á Armada, o que impide o desenvolvemento regular da pesca: á volta do servizo, os mariñeiros, ante a falta doutras posibilidades, enrólanse nas xábegas, pescando á conta dos armadores.

27.- No ano 1806, o Gremio do Mar está en pleno funcionamento en Bueu, e os seus cargos teñen un rango de autoridade na freguesía. Neste ano, os cargos de Cabos do Mar ocúpanos Teodoro de la Rúa e Juan Villanueva.

28.- "A estratificación entre os propios matriculados reflectíase no interior dos gremios, nos que os propietarios e patróns das lanchas e galeóns xogaban un papel preponderante. Eran eles os que exercían os postos directivos, os que representaban ós gremios nos contratos que estes asinaban e os que ostentaban os cargos que correspondían ó gremio nos concellos onde se localizaban.

Este estrato superior de mariñeiros era adoito propietario tamén das loxes de salga e dos fornos para obterer o saín ou graxa procedente das vísceras da sardiña, loxes estas que outras veces eran de terrestres (comerciantes, fidalgos, oficios públicos)". En Xan Carmoña "Igualdade e desigualdade nas pesquerías galegas de mediados do século XVII", *Grial*, n.º 102, XXVII, 1989.

A importancia social dos gremios dependeu moito das localidades: mentras en Pontevedra e Cangas os gremios do mar desenvolveron unha moi importante actividade, no resto dos portos do Morrazo a súa capacidade de manobra social e política foi mínima.

29.- J. M. Masso y García-Figueroa: 'Barcos en Galicia de la Prehistoria hasta hoy y del Miño al Finisterre'. Pontevedra 1992 (2.a edic.), páxs. 117-123.

30.- Pascual de Juncal. AHP I4621(I). fols. 111 e ss.

31.- Eses contratos son: de Pedro Pastoriza con Manuel Troncoso Lago feito na freguesía de S. Martiño de Bueu, datado o 25 de xuño de 1811, (Pascual de Juncal, AHP I462B(1) e con Antonio Pérez, no ano 1912. M.^a Rosa Avalle con Domingo de Avalle firmado o 31 de outubro de 1810 (Pascual de Juncal, AHP I462B(3), Félix Domingo Ricart e José Piñeiro de Bueu o 4 de marzo de 1813

(Pascual de Juncal, AHP 1462A(6); e, Félix Ricart y Marich con Josef Piñeiro (B. A. García Guardado, AHP 1424(9) datado o 15 de setembro de 1811.

32.- No ano de 1811, os veciños de Beluso, encabezados polos cataláns Domenech e Castañer, outorgan poder ós Procuradores do couto de Bon e Villar para actuar contra Pedro Pastoriza por intentar construír unha fábrica de salga no lugar da Ruiba, no monte de Cabalo, e que eles consideran chan comunal. AHP 1462B(1).

33.- Pascual de Juncal, AHP 1462A(1), fols. 111 e ss.; e, Benito Antonio García Guardado, AHP 1424(9), fol. 54 e ss.

34.- No ano 1819, Jayme Dalmau e Ca van mercar, nun embargo xudicial, a fábrica-almacén de Juan Castañer por un total de 46.154 reais 14 maravedís. Pola armazón pagan 28.242 reais e 24 maravedís.

Unha vez asociados a Bernardo Mascato para a explotación da fábrica, dispoñen desembolsar 24.000 reais para o funcionamento da mesma. En Benito de Arls, AHP CA3243(4) fol. 30.

35.- O número [...] na feregresía de Bueu só había dúas lanchas e nove dornas, por ningunha lancha en Beluso, cando nesta época contan con sete e cinco xábegas completas, respectivamente.

36.- Pascual de Juncal. AHP 1462(B) fols. 169-170.

37.- Recollidos en C. Sampedro: *Documentos...*, páx. 737 e ss.

38.- Pascual de Juncal (AHP 1462A(6) fols. 144-5) recolle, nun protocolo de 1810, a contratación de compañía entre o fomentador de Beluso, José Pérez, e Mathías Agulla e outros para a pesca da xábega. Tal documento serve de base para a redacción deste punto.

39.- Cabe sinalar que entre os membros do "foro da Mariña" se atopa Josef Pérez, veciño de Santiago de Hermelo, parroquia de

montaña, sen contacto do mar, o cal non lle impide ser membro do gremio.

40.- Recollidos en C. Sampedro: *Documentos...*, páxs. 688 a 702.

41.- Nas "Ordenanzas de la Cofradía del "Corpo Santo" y del Gremio de Mareantes de Pontevedra", de 22 de abril de 1577, recollidas en C. Sampedro: *Documentos...*, páxs. 1 a 59, no seu punto sete, recollíase un descanso similar para a pesca do cerco, entre os meses de febreiro e agosto.

42.- Nos anos que nos acupan, o escribán da S. M., Pascual de Juncal, recolle un contrato de arrendamento outorgado polo cura Rector de Bueu dos décimos productivos da terra e do mar, contrato que incluírá, pois, á pesca da sardiña. AHP 1462A(6) fol. 140.

43.- O escribán Benito Antonio García Guardado gardou nos seus protocolos testemuñas abondo sobre esta cuestión. En AHP 1424(9) fol. 54 e ss; AHP 1424(10), fol 6 e ss ou fol 12 e ss; AHP 1424(11), fol 29 e ss.

44.- Como exemplo cabe cita-la compañía coruñesa Jayme Dalmau a Ca, que, asociada a Bernardo Mascato Pérez (veciño de Vilaxoan) ,van explota-la fábrica-almacén que fora de Juan Castañer y Ferrer. O xestor da fábrica será o catalán, residente en Beluso, Salvador Marty e o auditor Antonio Carreró. Recóllese o contrato de explotación da compañía no protocolo do escribán Benito de Aris, AHP CA 3243(4) fol 30 e ss.

45.- Benito de Aris, AHP CA3243(4) fol 37 e ss.

46.- Este feito presenta como característica principal a preponderancia do sector industrial e incluso comercial —sectores de produción secundario e terciario— fronte ó sector extractor —primario e, polo tanto, menos acorde co capitalismo emerxente—.